

O Arquivo Municipal de Betanzos e outros máis da cidade:

Estado da súa organización en decembro de 1986

ALFREDO ERIAS MARTINEZ



Esta fotografía foi tomada en marzo de 1981 no piso da ala Oeste do antigo convento de San Francisco. Así estaba a maior parte do Arquivo Municipal de Betanzos. Aquí estaban tamén os documentos máis antigos.

No 1981 empezamos a unificar todo o fondo documental nun mesmo local. Ata daquela a historia do Arquivo foi do máis triste, pero preferimos agora deixala para outra ocasión. Atopámolo na súa maior parte sen nengún tipo de organización. Somente no Concello había un lote de carpetas nas que don Francisco Vales Villamarín reunira por temas documentos de moi diversa tipoloxía. Con todo, a laboura de don Francisco foi moi importante, e moi salvou gran número de papeis.

Onde máis documentación había era no edificio da ala oeste (a única que queda) do antigo convento de San Francisco. É o caserón que está fronte ás Escolas Jesús García Naveira. Alí hoxe está a carpintería municipal. Pois ben, no piso alto deste edificio (un piso podre e polo tanto perigoso, atopábase tirada de calquer maneira, a documentación. Cara ó Oeste non había ventás, polo que estaba á intemperie. Para rematar o cadro, o teito estaba caendo e por conseguinte tivo que apuntalarse. Naturalmente caían goteiras en diversos puntos e onde caeron aniquilaron os documentos.

Alí traballamos moita xente vencellada ó Concello. _ Comigo estaba daquela don Xosé Manuel Santos que traballou moito e que tamén colaborou na Biblioteca. Ademáis, case tódolos traballadores vencellados ós servizos municipais axudaron. Primeiro atábanos sen nengún orde os documentos, somente para facilitar o transporte, e despois baixábanse eses fardos por unha corda ata o camión da vasura. Finalmente levábanse, camión tras camión, ó piso superior da «Cárcel de Partido» que era naquel tempo o único edificio municipal que tiña placas de formigón.

Outro punto importante onde había documentación era no antigo Hospital de San Antonio. Alí estaba un camión de documentos que dende San Francisco levara, ó parecer, a xente de servizos municipais por iniciativa do grupo Untia no 1980. Pero, sobre todo, atopábase unha importantísima documentación procedente do tempo en que o Concello funcionou no dito Hospital (arredor



Traballadores do Arquivo e dos Servicos Municipais facendo fardos de documentos para transportalos mellor.

de 1976) debido ás obras que se estaban levando a cabo no edificio do Concello. Resulta inexplicable que unha vez que a Administración subiu outra vez para o Concello, a documentación quedase no antigo Hospital sen ningún tipo de coidado e abandonada. Non é extraño, polo tanto, que se queimasen documentos, se roubasen, etc.


O capítulo dos roubos; das apropiacións extrañas por parte, ás veces, de personaxes supostamente defensores da Cultura; o coñecemento de sospeitosas referencias a «archivo del autor», etc., son a parte máis escabrosa e fea na recuperación do Arquivo e quizáis mereza un detido estudio noutra ocasión. No momento presente non hai lugar para manter esas situacións irregulares: quen teña documentación municipal debe entregala, porque o Concello de Betanzos ten un Arquivo e máis ten un arquivista, e os documentos municipais son da comunidade, non de ninguén en particular.

Unha vez instalada a documentación no piso superior da «Cárcel», empezamos a aillar series documentais (un mesmo tipo de documento que se repite no tempo) seguindo un método que parecía de senso común: aillamos aquelas series máis abóndantes e polo tanto máis visibles, poñéndoas en montóns. Deste xeito, ademáis, había como unha maior compensación psicolóxica, porque o traballo que facíamos (e seguimos facendo) víase con máis rapidez. En xeral o método de aillar empezando polo máis fácil é o que seguimos tamén hoxe. Unha vez feito isto, ven a ordenación da serie: xeralmente esta ordenación consiste en poñer os documentos (simples ou complexos = expedientes) por orden cronolóxico, aínda que, según a serie que fora, pode aplicárselle outro tipo de ordenación (numérica, xeográfica, alfabética). Unha vez ordenada, metemos sistemáticamente os documentos en caixas e éstas fómolos colocando nas estanterías metálicas. Chegado a este punto, en calquera momento podemos dar un rápido avance da organización do Arquivo e mesmo un inventario provisional do mesmo, se fora preciso.

A nivel teórico, deberíamos aillar toda a serie antes de ordenala e metela en caixas, pero resulta que non temos espazo para traballar e, polo tanto, ese aillamento teremos que facelo en varias fases. Se a serie ó remate é pequena, pode reordenarse toda definitivamente; pero se é moi grande, non vale a pena e en calquera caso quedará todo solventado ó traveso dos instrumentos de descrición.

Teóricamente tamén deberíamos ter fixado, previamente a todo, un cadro de clasificación de fondos onde ir situando as distintas series. De feito a nosa referencia fundamental é o cadro de ANABAD feito polo grupo de arquivistas municipais da Comunidade Autónoma de Madrid. Pero tampouco perdemos de vista o cadro feito por dona Antonia Heredia, arquivista da Diputación de Sevilla, que está levando a cabo un programa de organización de arquivos municipais da provincia, con becarios e co apoio da Diputación, verdadeiramente exemplar.

Con todo, atopamos problemas non resoltos en calquera deses cadros e, ademáis, nestes momentos estase levando adiante un proceso de revisión no cal estamos a participar. Isto quere



O camión da vasura a punto de levar un viaxe de documentos dende San Francisco ata a «Cárcel». 30-IX-1982.

dicir que polo de agora parécenos prematuro deixar sentado un cadro de clasificación definitivo.

Por primeira vez presentamos un esbozo xeral da organización que pouco a pouco se vai debuxando a medida que avanzamos no traballo. Todo ou case todo é provisional: dende a expresión e número das seccións (Organos de Goberno, Secretaría, etc.), que de momento son as definidas polo grupo de arquiveiros da Comunidade Autónoma de Madrid, ata as mesmas series. Porque aínda no caso de que estas seccións sexan as definitivamente adoitadas, dentro delas van definirse subseccións, unidades e series que agora non están ailladas nin ordenadas. Por outra banda, as mesmas series que presentamos poden sufrir algún tipo de cambio na súa expresión e mesmo na súa adscripción a algunha outra sección... Ademais estas series lóxicamente teñen aínda moito que aumentar, tanto na amplitude cronolóxica como no número de unidades de instalación (caixas, libros, legaxos,...) e nos metros lineais de estantería. O esencial é que dende agora vamos empezar a ver e a intuír qué pode ser o Arquivo Municipal de Betanzos.

Hai que dicir que xunto ó Arquivo Municipal propiamente dito (dentro do que está a sección de Xudicial polas funcións antigas do Concello neste senso) hai outros de diferente procedencia que custodiamos ou que sen custodiar **de jure**, polo menos organizámoslos. Son estes, de momento: Arquivo do Hospital de San Antonio, Arquivo de Protocolos Notariais, Contaduría de Hipotecas, Arquivo da «Sociedad de Socorros Mutuos de Artesanos» e Sala «Cronista Vales Villamarín».

* * *

Servicios do Arquivo: Dende o comezo do noso traballo empezouse a investigar no Arquivo como nunca se fixera na historia da cidade. O feito de non existir unha sala de investigadores afín á institución fai que de maneira provisional se utilice a sala de lectura da Biblioteca. A partir do 1 de xullo de 1986 levamos unha estadística das consultas de investigadores, de xeito que podemos dicir que dende esa data ata o remate do ano rexistramos 60 consultas.

Investigadores que acudiron ó Arquivo, rexistrados dende o 1-VII-1986:

- Xan Casabella López.
- Julio Cuns Lousa.
- Joaquín Fernández.
- Carlos Fernández Fernández.
- Xosé Antón García Ledo
- María Jesús Fernández Rivas.
- Juana Ferrer.
- Antonio Meijide Pardo.
- Mari Luz Pato Iglesias.
- Aurora Soler Gómez.



Estado no que se atopaba o Arquivo Notarial nunha dependencia do antigo convento de Santo Domingo. VII-1983.



Mentres no chao se van aillando as series, ó fondo xa se atopa boa parte do Arquivo Notarial organizado. Edificio da «Cárcel», 4-I-1984.

- José Sousa Jiménez.
 — Xesús Torres Regueiro.
 — José M. Vilariño García.
- Traballos publicados dende 1981 que utilizaron como base ou referencia o Arquivo.* Probablemente nos esqueceremos de algúns, polo que pregamos no lo fagan notar para ir completando este aspecto no futuro como aporte á bibliografía de Betanzos e das Mariñas que haberá de facerse:
- Ares Faraldo, Manuel. *Apuntes sobre el Barrio de la Magdalena hace dos siglos.* Anuario Brigantino 1983.
- Ares Faraldo, Manuel. *Introducción a la historia del Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos.* Anuario Brigantino 1984.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón. *Xosé Arias Uría, un ministro progresista de Betanzos.* Anuario Brigantino 1984.
- Bouza, Brais da (Ignacio Pérez Vázquez). *Cuando quisieron molestar, más, a nuestro ídolo.* Anuario Brigantino 1985.
- Bouza, Brais da (Ignacio Pérez Vázquez.) *Un Feixiño biligüe con seis temas betanceiros.* Anuario Brigantino 1984.
- Bouza, Brais (Ignacio Pérez Vázquez). *No nos hicieron caso.* Anuario Brigantino 1983.
- Cabano Vázquez, Ignacio. *La Arquitectura de Rafael González Villar en Betanzos: una aproximación a la arquitectura de Betanzos en las primeras décadas del siglo XX.* Anuario Brigantino 1985.
- Cuns Lousa, Julio. *La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XIX.* Anuario Brigantino 1984.
- Erias Martínez, Alfredo. *O antigo palco da música.* El Idel Gallego, 10-I-1982.
- Erias Martínez, Alfredo. *As «augadoras» de Betanzos e a súa desaparición.* Anuario Brigantino 1983.
- Erias Martínez, Alfredo. *La casa de los hermanos García Naveira.* La Voz de Galicia, 14-I-1982.
- Erias Martínez, Alfredo. *A chegada do ferrocarril a Betanzos.* Anuario Brigantino 1983.
- Erias Martínez, Alfredo. *O fenómeno dos ensanches na cidade de Betanzos, 1870-1920.* El Ideal Gallego, 11 e 12-XI-1982.
- Erias Martínez, Alfredo. *Los hórreos de la Galera y la primera electrificación en Betanzos.* Programa de Festas da Romería da Angustia, Betanzos, 1982 (algo menos completo tamén en La Voz de Galicia, 28-VIII-1982).
- Erias Martínez, Alfredo. *O lavadeiro das Cascas.* El Ideal Gallego, 13-I-1982.
- Erias Martínez, Alfredo. *A Porta da Vila.* El Ideal Gallego, 15-I-1982.
- Erias Martínez, Alfredo. *Rehaciendo el Archivo.* Programa de Festas de San Roque, 1984.
- Erias Martínez, Alfredo. *El reloj de la iglesia de Santiago,* La Voz de Galicia, 9-I-1982.
- Erias Martínez, Alfredo. *As rúas de Betanzos: introducción ó seu coñecemento.* Anuario Brigantino 1985.
- Fernández Fernández, Carlos. *Apuntes médicos sobre el origen y primeros años del Hospital de San Antonio.* Anuario Brigantino 1985.
- Fuente García s.j., Santiago de la. *La educación en Betanzos y su comarca: aporte a su conocimiento y superación, curso 78-79.* Betanzos 1980-81.
- Fuente García s.j., Santiago de la. *Voz García Naveira, Juan y Jesús.* Gran Enciclopedia Gallega.
- García Oro, José. *Betanzos en la Baja Edad Media.* Anuario Brigantino 1984.
- García Pascual, Andres. *Datos para una Historia Postal: marcas postales de Bentanzos s. XVIII y XIX.* Anuario Brigantino 1983.
- Meijide Pardo, Antonio. *Las primeras industrias del curtido en Betanzos.* Untia 2, Betanzos, 1986.
- Miguez Rodríguez, José Antonio. *Fernández Flórez y «La Defensa».* Anuario Brigantino 1984.
- Miguez Rodríguez, José Antonio. *Hombres de antaño: Fernando García Acuña.* Anuario Brigantino 1985.
- Núñez Lendoiro, José Raimundo. *El antroido en las Mariñas dos Condes.* Betanzos, 1985.
- Núñez Lendoiro, José Raimundo. *Las Ferias y mercados de Betanzos.* Untia 1, Betanzos, 1985.
- Núñez Lendoiro, José Raimundo. *Las pesas y medidas de Betanzos.* Brigantium, A Coruña, 1982.
- Núñez Lendoiro, José Raimundo. *El Regimiento Provincial de Betanzos.* Programa de Festas de San Roque, 1984. E co mesmo título tamén en Militaría-84 (A Coruña).
- Núñez Rodríguez, Manuel. *La idea de inmortalidad en la escultura gallega (La imaginería funeraria del caballero, s. XIV-XV).* Ourense, 1985.
- Palmero, Rosa. *La Plaza del Campo.* Anuario Brigantino 1985.
- Rodríguez Crespo, Manuel. *Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira.* Betanzos, 1983.



Pouco a pouco imos gañando terreo ó caos e a medida que iso ocorre van medrando as estanterías e as caixas de arquivar nelas. Día a día vaíse debuxando un organigrama de seccións, series, etc. cada vez máis rico e complexo. 10-VII-1986.

Torres Regueiro, Xesús. *O Caciquismo hai dous séculos*. A Nosa Terra, 19-XII-1985.

Torres Regueiro, Xesús. *A prensa betanceira (I): de «El Censor» a «Por la Patria» 1883-1898*. Anuario Brigantino 1983.

Torres Regueiro, Xesús. *A prensa betanceira (II): de «El Pueblo» a «La Defensa» 1900-1910*. Anuario Brigantino 1984.

Torres Regueiro, Xesús. *A prensa betanceira (III): de «Nueva Era» e «El Eco de las Mariñas» 1912-1956*. Anuario Brigantino 1985.

Torres Regueiro, Xesús. *Prensa Nacionalista: Rexurdimento*. A Nosa Terra 24/30-IX-1982.

Torres Regueiro, Xesús. *Prensa Nacionalista (II): Rexurdimento*. A Nosa Terra. 1/7-X-1982.

Torres Regueiro, Xesús. *Retrincos da historia: O primeiro mitin en galego*. A Nosa Terra 12-IX-1985.

Vales Villamarín, Francisco. *Betanzos monumental: As antigas portas da cidade*. Programa das Festas de San Roque, Betanzos, 1981.

Vales Villamarín, Francisco. *La cofradía gremial de los Zapateros*. A Coruña, 1981.

A BIBLIOTECA DO ARQUIVO:

Pensando que nun futuro próximo o Arquivo terá un espazo suficiente, nel deberá haber unha sala de investigadores e nela unha biblioteca específica e especializada. Xa hai algún tempo que a estamos formando e máis adiante teremos que facer unha referencia especial e pública a ela, pero de momento queremos significar unha donación moi importante: a que fixo o cura párroco da igrexa de Santiago, don Román Bretal Sieira, consistente na colección case completa (67 volumes) da revista de investigación «Compostellanum» que abarca de 1956 a 1985.

CURSOS:

O arquiteiro que suscribe, Alfredo Erias, participou no «Curso de Arquivos Municipais» que se celebrou do 1 ó 5 de decembro no Arquivo do Reino de Galicia coa organización de esta institución e coa colaboración de ANABAD-GALICIA. Expuxo ós participantes a situación do Arquivo Municipal de Betanzos e a súa evolución recente. Asímismo presentou os primeiros resultados da súa organización.